



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 19 DE NOVEMBRO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a. Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día dezanove de novembro do dous mil vinte, os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas as actas da Xunta de Goberno Local das sesións ordinarias celebradas nas datas 29/10/2020, 05/11/2020 e 12/11/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTENIMENTO "RENTING" DUN VEHÍCULO EQUIPADO PARA A POLICÍA LOCAL.

Expediente: 2020/C_SU000001

Visto o expediente que se tramita para contratar a **Subministración mediante arrendamento con mantemento "renting" dun vehículo equipado para a policía local**, cun





orçamento total de 124.872,00 euros (orçamento base: 103.200,00 euros; IVE (21%): 21.672,00 euros). Valor estimado do contrato 103.200,00 euros.

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática, asinada polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 29/10/2020 e conformada polo alcaldesa en funcións María José Sampedro Fernández.

2) Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinado polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 30/10/2020.

3) Informe emitido polo interventor municipal Pablo Bao Castro, na data 02/11/2020, no que se indica que non procede a emisión dun certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente polo valor estimado do contrato para o ano 2020 e deberá incluírse nos vindeiros orzamentos dos anos 2021 a 2024 (os afectados pola vixencia do contrato) o crédito necesario para sufragar os gastos derivados deste expediente.

4) Prego de prescricións técnicas redactado polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 16/11/2020.

5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/11/2020.

6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/11/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/11/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a “Subministración mediante arrendamento con mantemento “renting” dun vehículo equipado para a policía local”, co seguinte orzamento:

ORZAMENTO SUBMINISTRACIÓN 48 MESES:

Orzamento base: 103.200,00 euros.

IVE (21%): 21.672,00 euros.

Total: 124.872,00 euros.

CUOTA MENSUAL:

Base: 2.150,00 euros.





IVE (21%): 451,50 euros.

Total: 2.601,50 euros.

Valor estimado do contrato 103.200,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas redactado inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 16/11/2020.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliados de forma automática, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/11/2020.

CUARTO.- Aprobar a tramitación anticipada do gasto

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 11 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

SÉTIMO - Conforme establece a cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a presente licitación ten carácter electrónico. Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/.

OITAVO.- Segundo establece a epígrafe H do Anexo 1 do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria de data 25/06/2018.

NOVENO.- Dar conta da presente resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 18/11/2020 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación do contrato para a iluminación do Nadal do Concello de Ribeira para o ano 2020”**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 18/11/2020 **“Decreto: Adxudicación do contrato para a “Subministración (compra) de un vehículo para o Grupo de Emerxencias Municipal”**”.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 18/11/2020 **“Decreto: Adxudicación do contrato para a prestación**





dos “Servizos da Escola Infantil do Concello de Ribeira para o curso 2020/2021 con posibilidade de tres prórrogas anuais para os cursos 2021/2022, 2022/2023 e 2023/2024”.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, LUGAR DE BRETAL S/N, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTORES: MANUELA SOBRIDO BRETAL E GERARDO ABELEDO IGLESIAS

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada por **Dna. Manuela Sobrido Bretal e D. Gerardo Abeledo Iglesias** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de **Bretal s/n, Olveira, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 15074A04300011000KI nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2020 redactado polo Sr. Jesús Bargados García, (arquitecto col. nº 3.636):

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 4 de novembro de 2020, do técnico de administración xeral de data 12 de novembro de 2020 e do secretario xeral da Corporación de data 12 de novembro de 2020, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Manuela Sobrido Bretal e D. Gerardo Abeledo Iglesias LICENCIA URBANÍSTICA (Nº 34/20) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA no lugar de **Bretal s/n, Olveira, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 15074A04300011000KI nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2020 redactado polo Sr. Jesús Bargados García, (arquitecto col. nº 3.636):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado** polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

*-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franja sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 62,00 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o*





*simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 202,55 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*





- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados





entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Xerardo S. Tarrío Calvo en representación de **José María Pérez Laranga**, de data 22/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.907), no que solicita certificado de que un camiño situado en Carballa (Palmeira) é público e que consta como tal no Inventario de Bens do Concello de Ribeira.

Visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Peira, de data 04/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Solicítase certificación de que o camiño con referencia catastral 15074A037090050000KR situado ao Sur da parcela con referencia catastral 15074A037002380000KX é público.

Persoados os ServizosTécnicos Municipais no dito camiño, encóntrase que está en firme natural, duns 2,00 m de ancho e unha lonxitude aproximada de 80,00 m. As fincas situadas ao Norte están nun plano máis alto que as do Sur, e teñen algunhas os marcos no borde do camiño.

Dito camiño consta no Catastro Antigo, no catastro do ano 2000 e no actual.

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, dito camino non figura inventariado como camiño público.

Na solicitude presentada se fai constar que a finca 15074A037002380000KX linda polo Sur con camiño. En caso de imprecisión ou inexactitude do Inventario de Bens Municipai, un indicador válido son as escrituras de propiedade. Neste caso, consta como camiño nas mesmas, o que, xunto coa documentación obrante - Catastros- indica que sí é camiño, e se entende que é público.

2.- Visto o escrito presentado por **Alberto Fontaiña Rey**, de data 19/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.664), no que solicita certificación urbanística de que a





finca con refª catastral nº 15074A, Polígono 19, Parcela 894 (Ribeira), non ten pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística.

Visto o informe emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á finca con refª catastral nº con refª catastral nº 15074A, Polígono 19, Parcela 894, Ribeira.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTRUÍDA AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 13/18 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 28/03/2018)

LUGAR: LUGAR DE CASTRO S/N, ARTES, RIBEIRA. PROMOTORES: FRANCISCO CRUJEIRAS VIDAL E LUCÍA COUTO FERNÁNDEZ

En relación co expediente relativo á **solicitud de licenza de primeira ocupación de obra maior para VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E CONSTRUCCIÓN ANEXA DESTINADA A GARAXE** construída ao amparo da licenza de obra nº 13/18 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de marzo de 2018, da que son promotores FRANCISCO CRUJEIRAS VIDAL E LUCÍA COUTO FERNÁNDEZ, así como devolución de fianza, e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Escrito presentado por Dna. Lucía Couto Fernández (DNI 46.895.543-S) e D. Francisco Crujeiras Vidal (DNI 53.481.136-H), rexistrado de entrada na data 7 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 11.821), solicitando licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e construción auxiliar anexa, no lugar de Castro s/n, Artes, Riveira en parcela con refª 15074A001006370000KG e 15074A001006370001LH.

SEGUNDO.- Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2018 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á Sra. Lucía Couto Fernández e Sr. Francisco Crujeiras Vidal **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E CONSTRUCCIÓN ANEXA DESTINADA A GARAXE** no lugar de Castro s/n, Artes, Riveira en parcela con refª 15074A001006370000KG e 15074A001006370001LH, nos termos do Proxecto Básico modificado II de febreiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 14 de febreiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 2.003) redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169).

TERCEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de setembro de 2018 e que por unanimidade acorda **PRESTAR CONFORMIDADE** a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 13/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de marzo de 2018 á Dna. Lucía Couto Fernández e D. Francisco Crujeiras Vidal, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na





data 23 de maio de 2018 redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 23 de maio de 2018 así como Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 7 de agosto de 2018.

CUARTO.- Contrato de cesión asinado o día 11 de abril de 2018 por Dna. Lucía Couto Fernández e D.Francisco Crujeiras Vidal polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreode 15,85 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

QUINTO.- Escritos presentados por Dna. Lucía Couto Fernández e D. Francisco Crujeiras Vidal rexistrados de entrada nas datas 3 e 17 de agosto, 7 de setembro e 21 de outubro de 2020, (Rexistros de entrada nº 11.443,10.089, 11.017 e 13.857), mediante os que solicita a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta baixa e construción auxiliar anexa, no lugar de Castro s/n, Artes, Riveira en parcela con refª 15074A001006370000KG e 15074A001006370001LH construída ao amparo da licenza nº 13/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 28 de marzo de 2018, achegándose **Certificado Final de Obra e Anexo II** ao **Certificado final de obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 29 de xuño de 2020 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación asinados polo arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 29 de xuño de 2020, **Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 19 de outubro de 2020.

SEXTO.- Informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o día 11 de novembro de 2020 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente así como en relación a solicitude de devolución do aval xa que sinala que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

SÉTIMO:- Informe emitido en sentido favorable de acordo cos antecedentes anteriores polo técnico de administración xeral do Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llanos y Orosa de data 16 de novembro de 2020

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Os artigos 42 a 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.
- Os artigos 61.1 ou) e 288 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.





—Os artigos 349 a 359 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

— O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

— O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

— O Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre Visado Colexial Obrigatorio

— Plan Básico Autonómico

-Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable os actos de primeira ocupación dos edificios, de conformidade co establecido no artigo 142.2.g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Respecto da primeira ocupación de vivendas, de acordo co artigo 42 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, una vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no Concello no que radique o inmovible, e acompañará á súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

SEGUNDO. Dispón o artigo 358.2 do Regulamento da Lei do Solo 2/2016, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que o estado de execución das obras autorizadas permita a súa utilización e ocupación con independencia da parte do edificio ou a construción inacabada.
- Que a parte para cuxa ocupación ou utilización solicítese licenza, fóra executada integramente de conformidade ao proxecto autorizado, e se procede, ás súas modificacións e condicións da licenza urbanística outorgada.
- Que a súa utilización e ocupación e o final das obras non se interfiran mutuamente de maneira grave.
- Outras que establezan as ordenanzas municipais da edificación, se procede.

Nestes supostos, o concello poderá esixir mediante acordo motivado que o solicitante constituía garantía para asegurar a correcta execución das obras restantes.

Así mesmo, poderán outorgarse licenzas de ocupación ou utilización limitadas a partes das construcións e instalacións que cumpran a normativa urbanística, cando existan outras partes que non se axusten á mesma en aspectos de detalle ou escasa entidade, sempre que se cumpra o previsto no parágrafo a) reproducido anteriormente, e que se constituía garantía, sen prexuízo de exercitar as potestades de disciplina urbanística que fosen procedentes.

TERCEIRO. O artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, para a obtención de licenza de primeira ocupación nos edificios será necesario presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. Devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas





municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO. Corresponde ao Alcalde (Xunta de Goberno Local por delegación de data 17 de xuño de 2019) resolver sobre a concesión da licenza de primeira ocupación, en virtude do disposto nos artigos 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

QUINTO. O prazo máximo para resolver será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, tal e como establece o artigo 143.2 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, de conformidade co artigo 357.1 do seu Regulamento.

Debe terse en conta que, aínda que o artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece que as peticións de licenza se resolverán no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, pola súa banda o **artigo 42.3 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia**, establece que para os casos de licenza de primeira ocupación de vivendas deberase resolver a solicitude e notificarlla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

SEXTO. Dispón o artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axústanse á licenza outorgada. Pola súa banda, o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por **Decreto 143/2016, de 22 de setembro**, establece no seu **artigo 355** que *“As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como una declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.*

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración”.

SÉTIMO.- No presente expediente, a parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de datae no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B e SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.**

Establece o **artigo 90 do PXOM** respecto á parcela calificada, que é a parcela o parte dela que queda incluída dentro da delimitación de algunha das zonas de ordenanza. Nos casos de parcelas nos que concurran distintas calificacións o clasificacións de solo, se terá en conta a que corresponda á ubicación do edificio, podendo computarse o resto do solo que presente





distinta calificación, si bien, quedará vinculado ao edificio. Si a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do máis exixente. A súa medición realizarase sobre a proxección vertical nun plano horizontal de referencia, do solo incluído dentro dos límites da mesma. Infórmase que a parte da parcela clasificada como **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA** non se computa a efectos de edificabilidade, parcela mínima e porcentaxe de ocupación.

OITAVO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos **artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia** establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

- 1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.*
- 2. Sin perxuício do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxeto da licenza cumpla os seguintes requisitos:*
 - Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.*
 - Que sexa susceptible de utilización independente.*
 - Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que sirvió de base para a obtención da licenza de obra.*
- 3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.*

Artigo 43. Servizos

- 1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.*
- 2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.*

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxeto de dito acto administrativo.

NOVENO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello





de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, **sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito**, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a **STS de 14 de decembro de 1998**, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impondo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos términos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade





urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

RESOLUCIÓN

VISTA a solicitude de licenzas de **licenza de primeira ocupación de obra maior para VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E CONSTRUCCIÓN ANEXA DESTINADA A GARAXE construída ao amparo da licenza de obra nº 13/18 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de marzo de 2018, da que son promotores FRANCISCO CRUJEIRAS VIDAL E LUCÍA COUTO FERNÁNDEZ, así como devolución de fianza**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o día 11 de novembro o de 2020 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente así como en relación a solicitude de devolución do aval xa que sinala que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á **Dna. Lucía Couto Fernández e D. Francisco Crujeiras Vidal LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa e construción auxiliar anexa, no lugar de Castro s/n, Artes, Riveira en parcela con refª 15074A001006370000KG e 15074A001006370001LH construída ao amparo da licenza nº 13/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 28 de marzo de 2018, de acordo coas determinacións da **Certificado Final de Obra e Anexo II ao Certificado final de obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 29 de xuño de 2020 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación asinados polo arquitecto Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 29 de xuño de 2020, **Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Explotación Operaciones Zona Sur na data 19 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- Proceder a **devolución da fianza con importe de 49,01 €** depositada en relación á licenza de obra nº 13/18 xa que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:





-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **M^a Carmen Fernández Noal**, de data 05/10/2020 (Rexistro de entrada nº 12.839), no que solicita a instalación dun espello vial de tráfico no cruce de Balteiro con Muiños (Oleiros) ao carecer de visibilidade.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 16/11/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a instalación dun espello vial de tráfico no cruce de Balteiro con Muiños (Oleiros), enfronte do cartel informativo que indica a dirección do Camping Arousa e debendo estar orientado para ver a estrada do lugar dos Muiños, según o sinalado no citado informe policial





2.- Visto o **informe policial**, de data 12/11/2020, relativo á instalación dun sinal de Stop na Praza do Concello, na intersección á Rúa Pérez Galdós (Ribeira), substituíndo o sinal de entrada prohibida ao carecer de sentido por mor do cambio do sentido de circulación e peatonalización da zona.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se **autorizar** a substitución do sinal de entrada prohibida por unha de Stop na intersección á Rúa Pérez Galdós (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

APROBACIÓN DO PROXECTO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES)

“A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible.

VISTO que o Concello de Ribeira adheriuse no seu día ao mentado Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, apoiando esta iniciativa para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello, procedeuse a incoar o correspondente expediente administrativo para a contratación do Servizo para a elaboración do Plan de Acción polo clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Municipio de Ribeira, adxudicando a redacción do mesmo.

Téndose recibido neste Concello o Proxecto elaborado do Plan de Acción polo clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Municipio de Ribeira e segundo o establecido no artigo 3.2 da Orde de 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020.

VISTA a proposta da Alcaldía de data 18/11/2020, na que propón a aprobación do Proxecto Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Ribeira



FIRMANTE - FECHA





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. APROBAR o Proxecto Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Ribeira.

SEGUNDO: DAR CONTA ao Pleno da Corporación do presente acordo na primeira Sesión, ordinaria ou extraordinaria, que celebre para a súa constancia i efectos.

TERCEIRO: Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo

ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 29/10/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE regular “Castiñeiras-Ribeira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/11/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE regular “Castiñeiras-Ribeira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de xullo 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 485,60 € (Cargo a partida 134 472.00).

ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAI. EJERCICIO 2020.

Vista a **proposta** presentada pola **Comisión avaliadora de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro na liña de actividades culturais 2020**, de data 11/11/2020, na que se propón os beneficiarios das subvencións destinadas á celebración de actividades culturais. Ejercicio 2020.





Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/11/2020.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN PARA A SEGUINTE ENTIDADE E CONTÍA:

BENEFICIARIOS Programa	Coeficiente Financiamento	Achega concedida Máx. 50% Presuposto gasto obxecto de subvención	Importe a xustificar = Importe Subvención /Coef. financiamento
ASOC. AMAS DE CASA DE RIVEIRA Xornadas culturais sobre recursos naturais	50,00%	2.000,00€	4.000,00€
SOCIEDAD DE INSTRUCCIONS HIJOS DE PALMEIRA Talleres culturais, pintura, arte floral, danza	50,00%	1.250,00€	2.500,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL R.V. FRANCISCO LORENZO MARIÑO Semana cultural e Maio Cultural	49,90%	1.380,80€	2.767,13€
ASOC. CULT. ALBERTO ROMERO Formación, creación film, curta, longametraxe	23,32%	1.952,10€	8.370,93€
GRUPO DE MUSICA E BAILE TAHUME Profesorado baile, canto, pandereta, gaita e percusión no ano 2020	36,24%	1.952,10€	5.386,59€
AAVV CULTURAL E PRESTADORA SERVIZOS Á MOCIDADE DE CARREIRA Entroido, viaxe cultural a Lalin (Museos) e concerto de nadal.	47,68%	800,00€	1.677,85€
CENTRO RECREATIVO DE ARTES Festival do Entroido	50,00%	679,50€	1.359,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA Certame de Poesía	50,00%	796,00€	1.592,00€
COMISIÓN POLA RECUPERACION DA MEMORIA HISTÓRICA Publicacións Episodio Republicano Barbanzán nº6 e 7, Unidade Didáctica e Conmemoración Día Inter. para eliminación violencia contra a muller	50,00%	897,70€	1.795,40€
ASOC. CULT. OS LIANTES Grabación video-audio	50,00%	431,50€	863,00€
TOTAIS		12.139,70€	

***Asociación Cultural R.V. Francisco Lorenzo**

Do presuposto de gasto total presentado pola entidade 2.965,70€

- Exclúese o importe de 121,00€ en concepto de flores por tratarse de atencións Protocolarias (artigo 3.1 BOP Nº100, 29/5/2018).
- Redúcese o importe de 447,37 en concepto de Seguro R.C. anual (217,37€) e combustible para gastos de desprazamento (230€) por tratarse de gastos de funcionamento: non poderán superar o 13% do gasto presupostado, resultando desta aplicación o importe obxecto de subvención de 369,81€





APROBACION DE CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DOS CONCURSOS DE NADAL.

VISTA a Providencia de Inicio da Alcaldía, de data 17/11/2020, na que propón a aprobación da convocatoria e bases para a concesión de premios do **Concurso de Nadal 2020-2021**, nas modalidades de cartel, postal e decoración de fachadas, balcóns ou xardíns; con obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación artística e a decoración realizada nos domicilios de todos/as os/as ribeirenses e ao tempo axudar ao comercio local e a hostalería que está a sufrir os efectos da covid 19.

VISTO o informe emitido ao respecto polo Interventor municipal, de data 18/11/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

APROBAR a convocatoria e bases para a concesión de premios do **Concurso de Nadal 2020-2021**, nas modalidades de cartel, postal e decoración de fachadas, balcóns ou xardíns.

RESOLUCIÓN RELATIVA ÁS SOLICITUDES DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN (LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR, MATERIAL DIDÁCTICO E COMEDOR ESCOLAR) -CURSO 2020/2021

VISTA a **proposta** presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 16/11/2019, na que solicita a aprobación de gasto según as bases reguladoras das axudas á escolarización para o curso académico 2020/2021.

VISTO o informe emitido ao respecto polo Interventor municipal, de data 18/11/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Aprobar o gasto relativo ás axudas á escolarización para o curso académico 2020/2021, según o seguinte detalle:
- Libros de texto, material escolar e material didáctico:
Orzamento Liña 1: 4.000,00 €
Orzamento Liña 2: 4.000,00 €
Gasto total das dúas liñas: 2.550,00 €
 - Axudas de comedor escolar:
Orzamento Liña 1: 26.000,00 €
Orzamento Liña 2: 26.000,00 €





Gasto total das dúas liñas: 42.456,00 €

As contías concedidas de comedor establécense en base ó días lectivos, según o calendario escolar para o curso 2020/2021:

MESES	Custo total concedido por días lectivos	TOTAL
Setembro	244 euros x 15 días	3600 €
Outubro	244 euros x 21 días	5040 €
Novembro	244 euros x 21 días	5040 €
Decembro	244 euros x 14 días	3360 €
Xaneiro	244 euros x 16 días	3840 €
Febreiro	244 euros x 17 días	4080 €
Marzo	244 euros x 20 días	4800 €
Abril	244 euros x 19 días	4560 €
Maio	244 euros x 20 días	4800 €
Xuño	244 euros x 11 días	2640 €
		42.456,00 €

- b) Aprobar o listado provisional de beneficiarios das axudas á escolarización (Libros de texto, material escolar, material didáctico e axudas de comedor escolar) para o vindeiro curso 2020-2021, según o contido da citada proposta e documentación anexa.
- c) Que se proceda á publicación do mesmo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e nas dependencias de Servizos Sociais.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

